



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTOS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e nove de abril de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, M^a Alicia Martínez González, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez, Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e a Concelleira D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiós en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3943.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25 DE MARZO DE 2014, NÚM. 498.- En virtude do disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da acta correspondente á sesión anterior realizada o 25 de marzo de 2014, núm. 498 e non solicitándose rectificación ou observación ningunha contra a mesma, esta queda aprobada polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes.

Neste momento entran no Salón de Sesiós os Concelleiros D. Javier Domínguez Lino e D^a. Celeste Nieto García.

3944- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3929.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 26-02-2014, DE AUTORIZACIÓN DO GASTO DE DÚAS FACTURAS CON VODAFONE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do expediente ao Servizo de Intervención; 3930.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (I.C.I.O.) PRESENTADA POR ROSA MARIA COUSELO BUCETA, EXPTE. N^o 283/12.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado aos Departamentos de Intervención e Urbanismo e notificouse ao solicitante; 3931.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA A INSTALAR Á XUNTA DE GALICIA A INSTAURAR UN SEGURO DO MAL TEMPO.- Uniuse

certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia; 3932.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO A PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia do Parlamento de Galicia, aos Grupos Parlamentarios, ao Secretario Comarcal da CIG e á Presidencia da Xunta de Galicia; 3933.- MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONS NOMINATIVAS DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.- Uniuse certificación do acordo expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3934.- INICIO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCELA SOBRANTE DE VÍA PÚBLICA EN SAN MARTIÑO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de patrimonio do Concello; 3935.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO ÁS PERSOAS CON SANCIONS DA POLICÍA LOCAL E DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3936.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA DAS ORGANIZACIONS SINDICAIS E ASOCIACIONS PROFESIONAIS EN CONTRA DA REFORMA DO REXISTRO CIVIL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Ministerio de Xustiza e á Presidencia do Goberno; 3937.- ALCALDÍA, CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE POIO E A UNIVERSIDADE DE CORUÑA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR GASTOS PROXECTO "DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS TEÓRICOS E DE INVESTIGACIÓN EN EMPRAZAMENTOS DE INTERESE URBANO E HISTÓRICO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3938.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á PETICIÓN DE INDULTO PARA OS TRABALLADORES CARLOS RIVAS MARTÍNEZ E SERAFÍN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Goberno; 3939.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3940.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA LOCAL E PROVINCIAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concello de Barcelona; 3941.- URBANISMO, EXP. 361/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM-BORDO MARÍTIMO DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado do expediente ao Departamento de Urbanismo para a súa remisión á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo."

A Corporación dáse por enterada.

3945.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das resolucions da alcaldía desde o último Pleno ordinario e que estiveron a disposicións dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a Corporación dáse por enterada.

3946.- DAR CONTA DO ACORDO NÚMERO 12065 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O 31 DE MARZO DE 2014, EN RELACIÓN Á DESAFECTACIÓN DOS TERREOS INCLUÍDOS NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE, A SECA-POIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da comunicación de data 25 de febreiro de 2014 do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente en relación ao expediente de solicitude de Desafectación de Dominio público na Reiboia, solicitando deste Concello a remisión de escrito no que se manifeste o

coñecemento de que os terreos obxecto da desafectación que conforman unha superficie de 59.526 m² non están inscritos no Rexistro da Propiedade así como a conformidade de aceptar a cesión nestas circunstancias.

Consta no expediente acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 31 de marzo de 2014 número 12065 no que se manifesta ter coñecemento da situación xurídica dos terreos.

Con data 21 de abril de 2014 sométese a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na que se emite o seguinte ditame: "Abre o exame do presente punto da orde do día a secretaria trasladando aos asistentes da comunicación recibida do Ministerio de recibida con data 7 de marzo de 2014, número rexistro de entrada 1073, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Dirección General de Sostenibilidad de la Costa, Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, emitida con motivo do procedemento de desafectación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre que conforman unha superficie de 59.256 metros cadrados, no lugar da marisma de A Reiboa.

Na mesma e de conformidade co establecido no art. 136 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas, declarada a innecesariedade dos terreos pola dirección General de Costas e con carácter previo á desafectación, realizado trámite ante o Rexistro da Propiedade, os terreos non constan inscritos a favor do Estado, polo que instan a que polo Concello se manifeste a conformidade a acertar a cesión dos terreos en tal circunstancia, motivo polo cal adoptouse o acordo núm. 12065 pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada con data 31 de marzo de 2014.

Non obstante, tendo en conta que a solicitude de inicio do expediente tivo que ser ratificada polo Pleno e que no momento actual descoñécese a valoración dos terreos obxecto da desafectación en orde de dirimir o órgano competente, o expediente elevase á consideración do presente órgano colexiado con carácter previo a ser tratado na vindeira sesión plenaria.

Non formulándose debate ningún, os membros da comisión informativa déronse por enterados sen que se formulase obxección ningunha."

Toma a palabra a Secretaria presente na sesión poñendo en coñecemento dos membros corporativos que aínda que non se coñece a valoración dos terreos para poder establecer cal é o órgano competente para a tramitación do expediente consta no expediente, e a pedimento do propio Ministerio, que se adopten os acordos plenarios correspondentes, o que se trata é de ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de manifestar o coñecemento da situación dos terreos que non obrarían inscritos no Rexistro da Propiedade fronte a calquera reclamación de terceiro con mellor dereito se finalmente a cesión é aceptada, e poder seguir coa tramitación do mesmo.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de membros presentes ratificou o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local número 12065 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Manifestar o coñecemento de que os terreos de dominio público marítimo terrestre que conforman unha superficie de 59.256 m², no lugar da marisma da Reiboa, non figuran inscritos no Rexistro da Propiedade e a conformidade a que podan se obxecto de futura cesión en tal circunstancia.

Segundo: Notificar o presente acordo ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

3947.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2014.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado mediante providencia da alcaldía de data 7 de abril de 2014 de recoñecemento extrajudicial de crédito por importe de 1.246,63 € correspondente a facturas do exercicio 2013.

Unha vez incorporado ao expediente informe de Intervención Municipal de data 7 de abril de 2014 e proposta de acordo da alcaldía de data 08 de abril de 2014, con data 21 de abril de 2014 sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Constas que emite o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia de Alcaldía segundo providencia de 7 de abril de 2014 vista a necesidade de proceder a recoñecer extrajudicialmente créditos pola existencia de facturas correspondentes ao exercicio 2013 que no tiveron entrada no Concello ata os meses de marzo e abril de 2014, por importe de 1.246,63.

Obra informe de intervención de data 7 de abril de 2014.

A interventora toma a palabra para explicar aos asistentes a finalidade dos trámites realizados e da relación de facturas afectadas.

A continuación a secretaria procedeu a dar lectura aos pronunciamentos da proposta de Alcaldía de 8 de abril de 2014.

Non existindo debate ningún, sometido a votación ordinaria, a comisión informativa por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG+ 1 grupo municipal PSOE), e unha abstención (grupo municipal PP), adoptou o seguinte ditame:

Primeiro:aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente: factura nº1397 de Consulting Orbere S.L.U en concepto de "Gasto implantación LOPD e mantemento" por importe de 781,25€, factura nº001/FC/133874 de Digamel S.A en concepto de "Subministro de material eléctrico" por importe de 102,67€, factura nº001/FC/133875 de Digamel S.A en concepto de "Subministro de material eléctrico" por importe de 129,06€ e factura nº001/FC/133876 de Digamel S.A en concepto de "Subministro de material eléctrico" por importe de 233,65€.

Segundo: aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, os créditos mencionados con cargo ás aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención

do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente: factura nº1397 de Consulting Orbere S.L.U en concepto de "Gasto implantación LOPD e mantemento" por importe de 781,25€, factura nº001/FC/133874 de Digamel S.A en concepto de "Subministro de material eléctrico" por importe de 102,67€, factura nº001/FC/133875 de Digamel S.A en concepto de "Subministro de material eléctrico" por importe de 129,06€ e factura nº001/FC/133876 de Digamel S.A en concepto de "Subministro de material eléctrico" por importe de 233,65€.

Segundo: Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, os créditos mencionados con cargo ás aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención.

3948.- INTERVENCIÓN-TESOUSERÍA, INFORME CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE 1T/2014.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e Tesourería do Concello en relación á remisión do informe correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2014: cumprimento da previsión establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, modificada pola Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais.

Con data 21 de abril de 2014 someteuse o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte ditame: "Iniciado o exame do presente punto da orde do día, toma a palabra a interventora municipal para dar conta das consideracións realizadas no informe conxunto emitido coa tesourería municipal o 10 de abril de 2014.

De forma específica indica que se estiveron a axilizar a principios de mes os pagos, de forma que na data na que se emite o referido informe, as facturas pendentes de pago fora do período legal de pago eran dúas por importe de 583,93 euros, e as facturas pendentes de pago dentro do período legal de pago eran doce por importe de 4.863,01 euros.

Non iniciándose debate ningún, os membros da Comisión deron por realizado o trámite para os efectos da elevación do contido do informe a consideración plenaria."

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado de remisión do informe conxunto de data 10 de abril de 2014, correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2014.

3949.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE A APLICACIÓN DO IVE DO 21% NOS SALÓNS DE PEITEADO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral do Concello con data 08 de abril de 2014 en relación ao Imposto de Valor Engadido aplicable aos salóns de peiteado, que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de abril de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse inicio ao exame do presente punto da orde do día pola secretaria dando lectura á moción presentada polo grupo municipal PsdeG-PSOE con data 8 de abril de 2014, número rexistro de entrada 1658:

"O Grupo Municipal Socialista do Concello de Poio, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a presente **MOCIÓN**, en base a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As perruquerías son, habitualmente, pequenos negocios formados por un autónomo e un ou dous empregados, estando o 85% deles rexentados por mulleres. Este sector agrupaba en España, no ano 2011, a 48.000 salóns, nos que, de forma directa, traballaban unhas 120.000 persoas.

A crise económica, que dende 2008 afecta á economía do noso País, sitúa a esta actividade do sector servizos nun punto de extrema dificultade debido, sobre todo, á baixada da afluencia de clientes e, por tanto, ó menor número de servizos realizados.

Como consecuencia de esta situación, moitos salóns víronse obrigados nese momento a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nos seus marxes, co fin de frear a importante caída de clientes e intentar, como tantos sectores, seguir co negocio mantendo os postos de traballo.

En setembro do 2012 entrou en vigor unha nova medida tributaria, adoptada polo Goberno, consistente en incrementar o IVE a abonar por estes servizos do 8% (vixente ata o 31 de agosto do 2012) ó 21%.

A importantísima subida de 13 puntos representou para estes salóns o seu afundimento definitivo. Os motivos son claros:

Os salóns que trasladaron a subida, viron desaparecer gran parte dos seus clientes, que non estaban dispostos a pagar un incremento tan desmesurado nas tarifas de prezos, nunha época onde toda a economía estivo e está a rebaixalos.

Os salóns que non trasladaron a subida, sufriron fortes resultados negativos na súa recadación, véndose obrigados, en moitos casos, ó peche da actividade.

Dicir, a efectos aclaratorios, que o marxe medio de beneficio dun salón é inferior o 13%.

As cifras xerais son moi preocupantes. Durante 2013 cerráronse mais de 8.000 salóns en España e perdéronse 20.000 postos de traballo. As previsións para o 2014 apuntan a una nova perda de 5.600 empresas e a outros 14.000 empregos directos. En dous anos, este sector reduciuse nun 28% co conseguinte impacto colateral en outros sectores (empresas de subministracións de produtos, aparatoloxía, mobiliario, etc.) Mentres tanto, recentemente (xaneiro 2014), o Goberno anunciou a rebaixa impositiva do 21% au 10% nas transaccións de obxectos de arte e anticipa

unha rebaixa do IVE cultural, como medida para incentivar o seu consumo aludindo a que é moi importante para a economía española.

O noso entender, o sector da perruquería non só é relevante dende o punto de vista numérico, que o é e moito, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do país, é un sector de pequenos empresarios e emprendedores que manteñen, todavía hoxe, un número importante de empregos e que ademais, é dos pouco sectores que están rexentados por mulleres na súa practica totalidade.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Poio somete á aprobación do Pleno municipal a seguinte proposta:

UNICA.- O Concello de Poio insta ó Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.

Abril 2014 Asdo.Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista"

Toma a palabra D. Gregorio Agís para indicar que ao igual que se solicitou a rebaixa do ive cultural, a marxe de rendemento das perruquerías estése a reducir fortemente pola aplicación do tipo impositivo do 21 % ao que debe engadirse que afecta principalmente ao colectivo feminino.

O Presidente da comisión manifesta a súa conformidade coa moción sen que a seu xuízo o sector vaia a mellorar coa vindeira subida do mesmo imposto prevista no prazo de dous anos. Recoñece que está estrangulando a esta clase de prestación de servizos e fomentando a aparición de mercado negro.

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos asistentes, a comisión informativa adoptou o seguinte ditame:

Primeiro: Instar ao Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%."

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores manifestando que na exposición de motivos queda claramente explicada a realidade dos salóns de peiteado e das persoas que neles traballan. A subida do IVE provoca que se pechen os Centros e que se perdan postos de traballo, postos que afectan directamente ás mulleres que son maioría no sector. Pensamos que se trata dunha moción na que solicitamos cousas que poden ser asumidas polo goberno que non supoñen un agravio tan importante para el pero si para os salóns.

A Sra. Diaz Iglesias toma a palabra manifestando que o seu grupo vai a votar a favor da moción xa que están de acordo, cremos que a este sector podería aplicárselle o tipo reducido como ao sector de restauración porque do contrario estes establecementos seguirán pechando e destruíndose postos de traballo, limitando as oportunidades dos xoves emprendedores.

O Voceiro do Grupo Municipal do PP manifesta que o seu grupo apoia a moción para favorecer o mantemento destes salóns, que non pechen, e evitar a economía sumerxida.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: O Concello de Poio insta ao Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.

3950.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A REBAIXA DE PEAXES NA AP-9 E O TRASPASO DA SÚA TITULARIDADE A GALIZA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG no Rexistro Xeral con data 11 de abril de 2014 en relación a rebaixa de peaxes na AP 9 e o traspaso da súa titularidade a Galiza que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de abril de 2014 na que se adoptou o seguinte ditame: "Iníciase o exame do presente punto da orde do día mediante a lectura pola secretaria dos pronunciamentos que inclúe a moción presentada pola voceira do grupo municipal BNG con data 11 de abril de 2014, número rexistro de entrada 1745:

"...

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao presidente da Xunta de Galiza a:

1. Xestionar coa concesionaria da autoestrada do Atlántico, AP-9, a rebaixa dos prezos das peaxes en, cando menos, un 32%, que é a porcentaxe de aumento das tarifas desde o inicio da crise económica no ano 2007.

2. Instar a Itínere a que aplique, polo uso frecuente, descontos análogos aos que aplica noutras autoestradas do Estado español.

3. Esixir á empresa concesionaria a que repercuta as súas multimillonarios beneficios na mellora da autoestrada que adoece de deficiencias en moitos dos seus tramos, e na mellora da calidade do servizo que experimentou un empeoramento significativo.

4. Demandar do Goberno do Estado español a que proceda á finalización da explotación privada da AP-9 en mans de AUDASA para convertela nunha autopista pública gratuíta que cumpra coa súa función de rede de comunicación que vertebra todo o territorio galego de norte a sur.

5. Posicionarse en contra do fraudulento rescate das autoestradas madrileñas

..."

Toma a palabra o Presidente da Comisión que motiva a necesidade de adoptar o acordo por canto comparativamente en Galicia págase máis en peaxes que no resto do Estado ao que se engade o feito de que as bonificacións por uso frecuente case nin existen. Contrariamente ao di o Goberno quen xustifica as subidas en que se trata de tramos deficitarios, os datos reflicten que están a dar beneficios e o mantemento e conservación é malo.

Respecto do rescate das autoestradas madrileñas parécelle tan abusivo que non sabe nin que dicir, polo que reclama o mesmo tramo para as galegas.

D. Gregorio Agís manifesta o apoio do seu grupo á moción.

Rematado o debate, sometido a votación ordinaria, a comisión informativa, por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG+ 1 grupo municipal PSOE), e dous abstencións (grupo municipal PP), adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia a:

- Xestionar coa concesionaria da autoestrada do Atlántico, AP-9, a rebaixa dos prezos das peaxes en, cando menos, un 32%, que é a porcentaxe de aumento das tarifas desde o inicio da crise económica no ano 2007.

- Instar a Itínere a que aplique, polo uso frecuente, descontos análogos aos que aplica noutras autoestradas do Estado español.

- Esixir á empresa concesionaria a que repercuta as súas multimillonarios beneficios na mellora da autoestrada que adoece de deficiencias en moitos dos seus tramos, e na mellora da calidade do servizo que experimentou un empeoramento significativo.

- Demandar do Goberno do Estado español a que proceda á finalización da explotación privada da AP-9 en mans de AUDASA para convertela nunha autopista pública gratuíta que cumpra coa súa función de rede de comunicación que vertebra todo o territorio galego de norte a sur.

- Posicionarse en contra do fraudulento rescate das autoestradas madrileñas".

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG e manifesta que a moción xa se debateu na comisión de facenda e con esta moción, unha vez máis reclamamos a rebaixa das peaxes así como que se faga público o seu uso. Parece que é inasumible polos usuarios que cada vez fan máis uso das vías convencionais. Do ano 2001 ao 2012 a empresa AUDASA, que xestiona as autoestradas incrementou os seus ingresos en máis dun 61% e as peaxes incrementaron un 50% a súa tarifa a pesar de ter menos usuarios. O custe está totalmente amortizada pero o mantemento é inexistente (iluminación pésima, mala pavimentación). Transitar polas vías galegas segue sendo a mais cara das autonomías. Por iso solicitamos a súa rebaixa polo menos en 32 puntos ao prezo de antes de comezar a crise aí como que se adopten medidas de beneficios para os usuarios como por exemplo rebaixa nas viaxes que se fagan o mesmo día e que os beneficios repercutan no mantemento.

A Sra. Besada Lores manifesta que o Grupo Municipal Socialista vai votar a favor da moción porque consideran que os prezos son abusivos e escandalosos. Xa hai tempo que se viñan presentando este tipo de mocións pero a escusa para non aprobalas era o elevado custe da Ponte de Rande pero consideramos que xa está amortizada e o que pedimos é que eses beneficios repercutan nos usuarios.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que poderían estar de acordo en algunhas cuestións da moción pero non en todas, imos a votar en contra.

Nos consideramos que hai beneficios, por exemplo os dos viaxes itinere pero tamén temos que recordar que no goberno do bipartito tampouco se fixo a xestión para facelas públicas, consideramos que algunha dificultade debe haber cando os gobernos non a cambian.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que se non se conseguiu facelas públicas e rabaixar o seu coste, hai que seguir pelexando porque non podemos seguir pagando por estas vías que están máis que amortizadas, é escandaloso pagar as cantidades polo traxecto Vigo-Pontevedra. Hai medios e posibilidades pero hai que crer.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e contas o que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao presidente da Xunta de Galicia a:

- Xestionar coa concesionaria da autoestrada do Atlántico, AP-9, a rebaixa dos prezos das peaxes en, cando menos, un 32%, que é a porcentaxe de aumento das tarifas desde o inicio da crise económica no ano 2007.

- Instar a Itínere a que aplique, polo uso frecuente, descontos análogos aos que aplica noutras autoestradas do Estado español.

- Esixir á empresa concesionaria a que repercuta as súas multimillonarios beneficios na mellora da autoestrada que adoce de deficiencias en moitos dos seus tramos, e na mellora da calidade do servizo que experimentou un empeoramento significativo.

- Demandar do Goberno do Estado español a que proceda á finalización da explotación privada da AP-9 en mans de AUDASA para convertela nunha autopista pública gratuíta que cumpra coa súa función de rede de comunicación que vertebra todo o territorio galego de norte a sur.

- Posicionarse en contra do fraudulento rescate das autoestradas madrileñas

3951.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, REXEITAMENTO DO PROXECTO DE LEI XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS.- Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG no Rexistro Xeral o 16 de abril de 2014 de rexeitamento do proxecto da Lei xeral de telecomunicacións e que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de abril de 2014 adoptándose o seguinte ditame: "Previa xustificación da urxencia do seu tratamento, sométese a votación ordinaria e por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG+ 1 grupo municipal PSOE), e dous abstencións (grupo municipal PP), préstase aprobación á inclusión na orde do día da presente moción.

A continuación o Presidente da comisión explica aos asistentes a preocupante situación que xerará no futuro o Proxecto de Lei xeral de telecomunicacións por canto vaciará de competencias nese sector aos concello. E pon un exemplo das consecuencias que elo pode traer consigo a partir dunha denuncia formulada polo funcionamento dunha antena de telefonía autorizada polo Ministerio, da que o Concello non tiña coñecemento, posta dunha forma semi clandestina.

Polo que insta a que se manteña o actual réxime de competencias en favor dos concellos e da lectura á proposta de acordo que contén a moción:

“...Rexeitar o Proxecto de lei xeral de telecomunicacións por atentar contra a autonomía municipal e do goberno galego, e exixir, por tanto, o establecemento dun novo marco de diálogo que respecte as competencias municipais e de Galiza, que teña en conta factores como o da dispersión xeográfica para garantir o servizo universal e aproveite o deseño do desenvolvemento das telecomunicacións para preservar e promover a diversidade lingüística e cultural.

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a paralización deste proxecto de lei, en base as razóns indicadas no punto anterior e tendo en conta a necesidade de que calquera reforma da Lei de telecomunicacións actual debe ter en conta a saúde e a vida por encima dos beneficios económicos e non atender só aos intereses da industria.

2. Instar á Xunta de Galiza a que promova un desenvolvemento das telecomunicacións seguro e saudábel escoitando especialmente, a sociedade civil (asociacións e colectivos implicados) e as investigacións de científicos/as expertos/as independentes. Nesta mesma liña, exiximos que se atendan as recomendacións da Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (maio de 2011) sobre “Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seus efectos sobre o medio ambiente” e dos convenios internacionais relacionados.

3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento galego e Congreso de Deputados.”

D. Gregorio Agís indica que o seu grupo municipal resérvase o seu pronunciamento para o Pleno.

a) Rematado o debate sometido a votación ordinaria, a comisión informativa, por catro votos a favor (4 grupo municipal BNG+, e tres abstencións (2 grupo municipal PP +1 grupo municipal PSOE), adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.-Rexeitar o Proxecto de lei xeral de telecomunicacións por atentar contra a autonomía municipal e do goberno galego, e exixir, por tanto, o establecemento dun novo marco de diálogo que respecte as competencias municipais e de Galiza, que teña en conta factores como o da dispersión xeográfica para garantir o servizo universal e aproveite o deseño do desenvolvemento das telecomunicacións para preservar e promover a diversidade lingüística e cultural.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a paralización deste proxecto de lei, en base as razóns indicadas no punto anterior e tendo en conta a necesidade de que calquera reforma da Lei de telecomunicacións actual debe ter en conta a saúde e a vida por encima dos beneficios económicos e non atender só aos intereses da industria.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza a que promova un desenvolvemento das telecomunicacións seguro e saudábel escoitando especialmente, a sociedade civil (asociacións e colectivos implicados) e as investigacións

de científicos/as expertos/as independentes. Nesta mesma liña, exiximos que se atendan as recomendacións da Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (maio de 2011) sobre "Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seus efectos sobre o medio ambiente" e dos convenios internacionais relacionados.

Cuarto.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento galego e Congreso de Deputados."

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do BNG que explica que a moción preséntase porque o proxecto de lei atenta contra a autonomía local e non atende ás consideracións realizadas por outras administracións como por exemplo a medio ambiental. Elimina controis e favorece ás grandes empresas de telecomunicacións; entendemos que as normas están para regularizar as situacións e non para crear caos. Vemos un afán precentralizador do estado, deixando de lado cuestións como a da lingua e a dispersión territorial.

A Sra. Besada Lores manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción e polo tanto están en contra do proxecto de lei, cremos que debería ser un texto consensuado co sector, pero unicamente se fala coas grandes empresas.

O Sr. Moldes Martínez di que a pesar que non están de acordo, co manifestado polo Grupo Municipal do BNG e co do PSOE, debemos entender que a autonomía local debe respectarse tendo información.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.-Rexeitar o Proxecto de lei xeral de telecomunicacións por atentar contra a autonomía municipal e do goberno galego, e exixir, por tanto, o establecemento dun novo marco de diálogo que respecte as competencias municipais e de Galiza, que teña en conta factores como o da dispersión xeográfica para garantir o servizo universal e aproveite o deseño do desenvolvemento das telecomunicacións para preservar e promover a diversidade lingüística e cultural.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a paralización deste proxecto de lei, en base as razóns indicadas no punto anterior e tendo en conta a necesidade de que calquera reforma da Lei de telecomunicacións actual debe ter en conta a saúde e a vida por encima dos beneficios económicos e non atender só aos intereses da industria.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza a que promova un desenvolvemento das telecomunicacións seguro e saudábel escoitando especialmente, a sociedade civil (asociacións e colectivos implicados) e as investigacións de científicos/as expertos/as independentes. Nesta mesma liña, exiximos

que se atendan as recomendacións da Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (maio de 2011) sobre "Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seus efectos sobre o medio ambiente" e dos convenios internacionais relacionados.

Cuarto.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento galego e Congreso de Deputados.

3952.- MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO A REGRESAR AO PACTO DE TOLEDO E REXEITAR A REFORMA IMPOSTA NA LEI 23/2013 REGULADORA DO FACTOR DE SUSTENTABILIDADE E DO ÍNDICE DE REVALORIZACIÓN DO SISTEMA DE PENSÍONS DA SEGURIDADE SOCIAL.- Toma a palabra a Secretaria presente para explicar aos membros corporativos que na sesión ordinaria que celebrou a Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do día 21 de abril de 2014 incluíse na orde do día a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista de rexeitamento da modificación introducida pola Lei 23/2013, referente á revalorización das pensións e que a pedimento do representante socialista na comisión de facenda retirouse coa finalidade de consensuar unha nova proposta cos demais grupos políticos.

Conta data 25 de abril de 2014 ten entrada no Rexistro Xeral moción conxunta asinada polos representantes do Grupo Municipal Socialista e do BNG de instar ao goberno do estado a regresar ao Pacto de Toledo e rexeitar a reforma imposta na Lei reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións de seguridade social no que tras unha ampla exposición de motivos remata solicitando do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos: "1.- Rexeitar a reforma imposta imposta á marxe do Pacto de Toledo na Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, e instar ao Goberno da nación a que a rectifique.

2.- Instar ao Goberno do Estado a que volva ao Pacto de Toledo e, neste marco, poña as medidas necesarias para que as persoas pensionistas e xubiladas recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas, unha medida que por xustiza lles corresponde.

3.- Informar desta resolución ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social."

Toma a palabra o Sr. Alcalde, D. Luciano Sobral Fernández, explicando que se trata dunha moción presentada en apoio a reivindicacións dos sindicatos presentada polos representantes do CCOO e UXT, no que se solicita o regreso ao Pacto de Toledo.

A continuación comeza a quenda de intervencións o Sr. Moldes Martínez manifestando que entenden a proposta pero tamén hai que ter en conta que a situación non é provocada polo goberno actual, nos queremos que se manteñan os dereitos das persoas xubiladas pero ás veces hai que tomar medidas que non gustan pero necesarias. Pero de todos os xeitos apoiamos a moción porque se trata de reivindicacións dos sindicatos.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que lle sorprende as declaracións

formuladas polo voceiro do Grupo Popular, cando manifesta que a situación non é provocada polo goberno actual, a culpa é das políticas que veñen desenvolvendo durante estes últimos 30 anos, unhas políticas que non soamente a cidadanía é máis pobre en riqueza senón que tamén en dereitos e garantías.

A Sra. Besada Lores di que cando o PP leva dous anos gobernando e cando entrou dixo que o ían solucionar, pero pasan o tempo, e seguen nas mesmas e coa escusa da herdanza recibida, ademais estamos moito peor, a pesar das declaracións de mellora, pero os datos están ahí. Daríame vergoña pertencer a un grupo de dereitas. Ademais esta situación e coas políticas que vostedes practican o que conseguen é descapitalizar ao noso país non so en riqueza senón que a xuventude ten que buscarse un futuro lonxe de España.

Unha vez remata da a quenda de intervencións sométese a votación o texto da moción presentada polos Grupos Municipais do BNG e PSOE de instar ao goberno do estado a regresar ao Pacto de Toledo e rexeitar a reforma imposta na Lei reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións de seguridade social a que queda aprobada polo voto favorable da unanimidade de membros presentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Rexeitar a reforma imposta imposta á marxe do Pacto de Toledo na Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, e instar ao Goberno da nación a que a rectifique.

Segundo: Instar ao Goberno do Estado a que volva ao Pacto de Toledo e, neste marco, poña as medidas necesarias para que as persoas pensionistas e xubiladas recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas, unha medida que por xustiza lles corresponde.

Terceiro: Informar desta resolución ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

3953.- DAR CONTA ACORDOS COMISIÓN PARITARIA CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e da acta da sesión constitutiva da Comisión Paritaria Mixta do Convenio Colectivo do Persoal Laboral realizada o 26 de marzo de 2014 na que se trataron os seguintes temas:

- Reaxuste de tempos parciais (contrato laboral) en función da xornada laboral establecida no convenio colectivo na que se interpretou que de forma consecuenta coa duración outorgada da xornada laboral de 37,50 horas semanais de traballo efectivo de luns a venres, como norma xeral, os contratos laborais a tempo parcial teñen unha duración igual ou inferior a 18,75 horas semanais de traballo efectivo de luns a venres, como norma xeral.

- Aclaración do artigo 64 melloras sociais en relación cos artigos 66 e 67 do convenio colectivo na que se acorda instar ao Pleno a modificación das bases de execución do presuposto xeral municipal do ano

2013, en situación de prórroga para o exercicio 2014, de forma que se adapten ao establecido no convenio, de forma que superada a discrepancia poda ser concedidos anticipos de nómina tanto ao persoal laboral fixo como ao persoal laboral indefinido con máis de dous nos de antigüidade así como a vontade expresa dos asinantes do convenio colectivo é aplicar, dada a súa natureza e incompatibilidade co vinculo temporal da relación laboral, a mellora social prevista no artigo 67, de préstamos sen xuro, tan so así aos así determinados no seu tenor literal e persoal laboral indefinido con dous anos de antigüidade.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-Non se producen.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta e sete minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.